


CAMARA ESCURA



MATERIAIS

- Un bote grande de patatas fritas ou similar
- Un bote pequeno de patatas fritas ou similar
- Tesoiras
- Agulla / cravo
- Papel vexetal / de seda
- Aceite
- Cinta adhesiva



PROCEDEMENTO



PASO 1: Preparación da lata/bote principal

- Colle o **bote pequeno** e retira a tapa superior.
- No centro da base do bote, fai un pequeno orificio de 1 mm de diámetro cunha **agulla** ou **cravo**.

PASO 2: Creación da pantalla de proxección

- Corta un anaco de **papel vexetal** / de **seda** e úntao cunha pequena gota de **aceite** para que se volva translúcido.
- Coloca este papel na abertura superior do bote e fíxao con **cinta adhesiva**.

PASO 3. Montaxe da segunda lata

- Corta a base do **bote grande** deixando un cilindro oco.
- Coloca este bote sobre o primeiro, de maneira que cubra a pantalla de papel e sirva como visor.
- Asegura ambos botes con **cinta adhesiva**.

PASO 4: Proba da cámara escura

- Enfoca a cámara cara un obxecto luminoso ou ben iluminado.
- Observa a imaxe invertida formada sobre a pantalla de papel.

